


# “To Santiago without Maniotas”

Patricia Argibay, María del Pilar López e Lucía Vidal

Proxecto educativo: 3º ESO

Departamentos de Inglés e Educación Física

## CONTEXTUALIZACIÓN



Traballamos no instituto de ensinanza secundaria do municipio de Barro e os nosos alumnos están moi acostumados a observar numerosos visitantes/peregrinos chegados dende diferentes continentes do mundo (Europa, Asia, América e Oceanía), atravesando o noso pobo camiño de Santiago.

Observamos, sen embargo, que a maioría destes peregrinos non teñen á súa disposición información relevante sobre as condicións do traxecto nem dos coidados básicos que deben ter para realizar o camiño sen problemas físicos, así como información cultural significativa.

Deste xeito, o departamento de inglés e de educación física deciden poñer en marcha un novo proxecto neste curso escolar 2017/18: “To Santiago without Maniotas”.

# PREGUNTA MOTRIZ / DESAFÍO

Preguntas:



1. Os peregrinos que van a Santiago están completamente informados sobre as dificultades físicas e xeolóxicas do tramo que transcorre polo noso municipio?
2. Os peregrinos están ben informados e formados físicamente para afrontar o reto de realizar o camiño?
3. Teñen información dos elementos arquitectónicos e naturais que admiran durante o camiño?

# PRODUCTOS FINAIS



1. **Dossier informativo** expoñendo a morfoloxía do traxecto que transcurre polo municipio de Barro. Tamén incluirá consellos básicos para evitar lesións físicas. Estes dossieres distribuiranse no albergue de Peregrinos e bares da zona.
2. **Podcasts e vídeos en inglés** que estarán vinculados cun código qr. Estes códigos estarán dispoñibles para os peregrinos ao longo do camiño e habilitaranse en lugares estratégicos (por exemplo: haberá un ao comezo e ao final do traxecto, ao carón de igrexias, cruceiros, as cascadas de Barosa, etc.) Os peregrinos podrán descargar nos seus dispositivos mobiles esa información (información básica do lugar polo que están pasando, recordatorio de cuidados básicos para afrontar o camiño sen contratempos físicos..).

# RELACIÓN CO CURRICULUM-



ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).	CCL , CAA CSC, CCEC
PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccioná adequadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	CCL, CAA CSC, CCEC
PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciies.	CCL, CAA CSC, CCEC CD

## RELACIÓN CO CURRICULUM-



ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	CCL, CAA CSC, CCEC CD
PLEB5.3. Utiliza as convencións más habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.)en rexistro estándar.	CCL, CAA CSC, CCEC
PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúa como persoa plurilingüe.	CCL, CAA CSC, CCEC, CD

# RELACIÓN CO CURRÍCULUM DE EDUCACIÓN FÍSICA

ESTÁNDARES	COMPETENCIAS
EFB1.1.2 “Realiza quecementos e fases finais de forma autónoma”	CSC
EFB1.4.1 “Identifica as características das actividades, que poidan supor un elemento de risco para si mesmo”	CSIEE CSC
EFB1.4.3 “Adopta as medidas preventivas e de seguridade, tendo especial coidado coas que se desenvolven nun contorno non estable”	CSIEE
EFB3.1.6 “Identifica as características que deben ter as actividades físicas para consideralas saudables”	CMCCT CSC
EFB3.2.3 “Aplica os fundamentos da hixene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións”	CAA CSIEE

# COMPETENCIAS CLAVE E 4Cs

COMPETENCIAS CLAVE	OS 4 COÑECEMENTOS (Pensamento <u>crítico</u> , <u>comunicación</u> , <u>creatividade</u> , <u>colaboración</u> )
CSC	-Interactuar con outras persoas (do centro) e de diferentes países.
CAA	-Elaborar estratexias de organización e planificación das entrevistas a realizar; selección dos consellos sobre os coidados físicos a dar; planificación das saídas previas a realizar; investigar como se realizan os códigos qr.
CL	-Producción de mensaxes orais e escritos en lingua inglesa. Comprensión de folletos e vídeos explicativos en inglés.
CD	-Planificación do material necesario para facelas gravacións e da montaxe do vídeo final. -Acceso a fontes de información.
CSIEE	-Transformar ideas en actos. -Xestión dos recursos materiais, espaciais e humanos que se necesitan e dos que dispoñemos no centro.
CMCCT	-Alimentación e hábitos de saúde para afrontar con garantías o reto do camiño. -Uso de ferramentas tecnolóxicas (smartphones, tablets, Pcs..)

# TAREFAS, AGRUPAMENTOS e ESPAZOS- EN inglés 3º ESO

TAREFAS	AGRUPAMENTOS	ESPAZOS
Comprensión lectora e auditiva. Búsqueda de información - Lectura de folletos turísticos en inglés relacionados co camiño de Santiago. - Visionado de vídeos en inglés onde se fala do camiño.	4 grupos formados por seis alumnos. Cada grupo traballara cun folleto e cun vídeo diferente.	Aula de informática e aula de inglés.
Expresión escrita - Redacción dun cuestionario por grupo. Incluirán preguntas relacionadas con: equipamento, nutrición, coñecemento cultural e experiencia persoais.	4 grupos formados por seis alumnos.	Aula de inglés.
Interacción. - Role-play - Real cos peregrinos	2 grupos de 12 alumnos.	Aula de inglés Albergue e camiño.

# TAREFAS, AGRUPAMIENTOS e ESPAZOS- EN inglés 3º ESO

TAREFAS	AGRUPAMENTOS	ESPAZOS
Análise da información. Realización dun estudio estadístico da recollida de datos: coñecemento da ruta, tempo de preparación, aprendizaxe da cultura popular.	4 grupos formados por seis alumnos. Cada grupo analizará un aspecto en particular.	Aula de informática e aula de inglés.
Elaboración de 1 folleto, 1 vídeo e 4 popcasts.	6 grupos formados por catro alumnos.	Aula de inglés, aula de informática.
Presentación dos productos finais. (Performance Day)	6 grupos formados por catro alumnos	Salón de actos do IES. Concello de Barro.

# TAREFAS, AGRUPAMENTOS E ESPAZOS EN EDUCACIÓN FÍSICA

TAREFAS	AGRUPAMENTOS	ESPAZOS
-Buscar información sobre aspectos básicos a ter en conta nas actividades de sendeirismo (equipamento básico, alimentación e hidratación recomendada, análise das características das etapas a realizar, características climáticas do entorno)	En pequeño grupo, cada un cunha información concreta a recopilar	Aula de informática / aula de Educación Física
-Buscar información sobre lesións más habituais nas actividades de sendeirismo e primeiros auxilios para atendelas.	En pequeño grupo, cada un cunha información a recopilar	Aula de informática / aula de Educación Física
-Saída a realizar unha das etapas do camino.	Gran grupo	Etapa do camiño que pase polo noso concello
-Elaboración dun quecemento e unha volta á calma específicos para actividades de sendeirismo.	Gran grupo	Aula de Educación Física

# FERRAMENTAS TIC



1. **DISPOSITIVOS MÓBILES e COMPUTADORAS:** smartphones, tablets, PCs, portátiles, micrófonos.
2. **APLICACIÓN PARA DISPOSITIVOS MÓBILES:**
  - edición de vídeo: iMovie, Moviemaker
  - grabación e edición de audio: smart voice recorder, quicktime player
1. **PÁGINAS WEB:**
  - wikipedia <https://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Portada>
  - turgalicia [http://www.turismo.gal/inicio?langId=en\\_US](http://www.turismo.gal/inicio?langId=en_US)
  - Google maps <https://www.google.es/maps>
  - Youtube <https://www.youtube.com/?hl=es&gl=ES>
  - Canva: edición de folletos.[https://www.canva.com/es\\_es/crear/folletos/](https://www.canva.com/es_es/crear/folletos/)
1. **PROGRAMAS OFFICE**
  - Excel: tratamiento de datos e elaboración de cuestionario
  - Powerpoint, Explain everything (presentacóns)

# RECURSOS

HUMANOS	MATERIAIS	ESPACIAIS
<ul style="list-style-type: none"><li>-Xefa do Departamento de Inglés</li><li>-Xefa do Departamento de Educación Física.</li><li>-Profesor de Tecnoloxía.</li><li>-Peregrinos entrevistados.</li><li>-Club de montañeiros do noso concello.</li><li>-Responsables dos albergues que hai no noso concello e dende o noso concello ata o final do camino.</li><li>-Dono do bar próximo ao centro no que paran os peregrinos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Smartphones do alumnado.</li><li>-Tablets do centro.</li><li>-Ordenadores da sala de informática.</li><li>-Cámaras de vídeo dixitais das que dispón o centro.</li><li>-Gravadora da que dispón o centro.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Aulas do centro educativo (específicas dos grupos de 3º)</li><li>-Aula de Educación Física.</li><li>-Aula de Informática.</li><li>-Bar próximo ao centro.</li><li>-Albergues de peregrinos.</li><li>-Sede do club de montañeiros que hai no noso concello.</li></ul>

# MÉTODOS DE AVALIACIÓN EN INGLÉS

<b>AVALIACIÓN INICIAL</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Kim's game: presentación do equipamento para facer unha ruta de sendeirismo.</li><li>- Chuvia de ideas: consellos para realizar o Camiño de Santiago.</li><li>- Encuesta (kahoot): a importancia da presencia de visitantes/peregrinos no noso municipio.</li></ul>
<b>AVALIACIÓN FORMATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Rúbrica na que se recollan aspectos sobre o funcionamento dos grupos de traballo (responsabilidades de cada membro do grupo; asunción desas responsabilidades, temporalización das actividades a realizar por cada un dos membros do grupo..)</li><li>- Rexistro anecdótico sobre as tarefas de comprensión oral.</li><li>- Portfolio onde cada grupo recollerá a información escoimada e producida.</li><li>- Rúbrica que valorará a simulación cos peregrinos (inicio da conversa, preguntas cortas e significativas, mantemento da conversa e fin da conversa) e posteriormente a interacción real.</li></ul>
<b>AVALIACIÓN FINAL</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Rúbrica de autoavaliación para cada pequeno grupo.</li><li>-Rúbrica de avaliação dos produtos finais (popcast, vídeo e folleto) para ser cuberta por cada pequeno grupo e pola profesora.</li></ul>

# MÉTODOS DE AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN FÍSICA

<b>AVALIACIÓN INICIAL</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Preguntar ao alumnado sobre experiencias previas en actividades de sendeirismo en xeral e facendo algunha etapa do camiño en particular.</li><li>-Debater sobre que aspectos consideran máis importantes ter en conta á hora de afrontar unha ruta de sendeirismo.</li><li>-Preguntar ao alumnado sobre que lesións ou problemas físicos creen que son más habituais entre os sendeiristas / peregrinos</li></ul>
<b>AVALIACIÓN FORMATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Rúbrica na que se recollan aspectos sobre o funcionamento dos grupos de traballo (responsabilidades de cada membro do grupo; asunción desas responsabilidades, temporalización das actividades a realizar por cada un dos membros do grupo..)</li><li>-Porfolio onde cada grupo vai recollendo a información recadada e os documentos que van elaborando.</li><li>-Saída previa para realizar unha das etapas do camiño, como medio de comprobar que cada grupo foi facendo o seu cometido, que aspectos deben modificar do traballo e de experimentar que pode sentir dende un punto de vista físico, un peregrino.</li></ul>
<b>AVALIACIÓN FINAL</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Rúbrica de autoavaliación para cada pequeno grupo.</li><li>-Rúbrica de avaliação do producto final (vídeo) para ser cuberta por cada pequeno grupo e pola profesora.</li></ul>



## DIFUSIÓN

<b>Dossier informativo</b>	Expón a morfoloxía do traxecto que transcurre polo municipio de Barro. Inclúe consellos básicos para evitar lesións físicas. Estes dossiers distribuiránse: <ul style="list-style-type: none"><li>- no albergue de Peregrinos</li><li>- na parada de Taxis</li><li>- Concello de Barro</li><li>- Farmacia do Concello</li><li>- bares da zona</li></ul>
<b>Podcasts e vídeos en inglés</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- vinculados cun código qr</li><li>- dispoñibles para os peregrinos ao longo do camiño</li><li>- situados en lugares estratégicos</li><li>- posibilidade de descarga nos dispositivos móbiles da información</li></ul>

# DIFUSIÓN



## **Publicación e presentación do material no centro:**

Reunión informativa no salón de actos do centro, para presentar o material elaborado ós alumnos, profesores e pais.

Comunicación no centro,además, a través da aportación da devandita información a:

- o periódico dos alumnos
- a páxina web do centro
- cartéis colocados en lugares estratégicos coma: tablón do hall do centro, cafetería, zona cercana ós baños



# DIFUSIÓN

<b>Presentación do material no Salón de actos do Concello</b>	<p>Presentación do material elaborado polos alumnos, na sala de actos do noso Concello, levado a cabo coa colaboración da persoa responsable de cultura.</p> <p>Despós da reunión explicativa, deixamos material para que sexa utilizado e/ou distribuído.</p>
<b>Presentación do material no albergue dos peregrinos</b>	<p>Reunión informativa ó longo dunha semana no salón do albergue anterior ó noso Concello, para informar ós eventuais pelegríns e resolver posibles dudas.</p> <p>Despós da reunión explicativa, deixamos material para que sexa utilizado e/ou distribuído polos responsables do centro.</p>



# DIFUSIÓN

## **Presentación do material na páxina web do Concello**

Presentación do material elaborado polos alumnos, na páxina web do Concello (<https://www.barro.es/gl>)  
Deste modo pódese consultar durante a fase de programación do Camiño.

## **Presentación do material na páxina web Vojo.es**

Colaboración coa páxina web (Vojo.es), no apartado adicado ó Camiño de Santiago (<http://vojo.es/es/>)  
Deste modo pódese consultar durante a fase de programación e realización do Camiño.